

ESTATUTOS

— F.O.A.N  P.A.S —

FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS
DE VIGO E COMARCA

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS (FOANPAS)

ESTATUTOS



FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS

I.M.E. Camiño Chouzo, n.º 2 - 36208 VIGO

Telf. : 986 29 88 12 - Fax: 986 24 23 59

foanpas@foanpas.com

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS (FOANPAS)

CAPÍTULO I – DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo. 1

Coa denominación de FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE VIGO E COMARCA constitúese unha entidade ó abeiro da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade para obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo. 2

Esta federación constitúese por tempo indefinido.

Artigo. 3- Quen a forma, e os seus fins

A federación está formada en exclusiva por ANPAS procedentes do ensino público, que aceptan os principios nos que se fundamenta esta Federación:

Conquerir un ensino público de alta calidade e gratuíto que desenvolva a personalidade humana no respecto aos principios democráticos, e as liberdades fundamentais, centrado no país e aberto ao mundo e formando no respecto do pluralismo e da convivencia.

Artigo. 4 - Principio da autonomía dos asociados

- a) A Federación respecta a autonomía de cada unha das asociacións de nais e pais asociadas, sen imiscuirse nos seus asuntos internos.
- b) A Federación non é responsábel dos actos individuais que programen as asociacións federadas, nin pode reclamar a ningún asociado que adopte ou apoie acordos que vaian contra os seus intereses, nin apoiar a ningunha ANPA asociada en prexuízo de outra ou contra outras.

Artigo.5 – Principio da igualdade dos asociados

A Federación ten como baseamento o principio de igualdade de todas as ANPAS que a forman.

Artigo. 6- Principio da liberdade de asociación

A ligazón ou separación de cada ANPA na/da Federación é libre e voluntaria.

Artigo. 7- Principio de Independencia

Ningunha asociación nin directivo pode utilizar a FOANPAS en defensa de intereses particulares e persoais ou con fins partidistas.

FOANPAS e independente de calquera organización política.

CAPÍTULO II - DENOMINACIÓN, OBXECTO, DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL

Artigo. 8- Denominación:

FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS.
(FOANPAS)

Artigo. 9 - Obxecto:

FOANPAS ten por obxecto:

- a) Coñecer a situación do ensino público, e divulgar no seu ámbito todas aquelas medidas e actuacións que axuden ao seu desenvolvemento de conformidade co disposto no artigo 3º.
- b) Representar e defender ás ANPAS federadas e os seus intereses, para a defensa e mellora do sistema público de ensino.
- c) Colaborar coas autoridades educativas da Consellería de Educación, do Concello de Vigo e de outros concellos do seu ámbito, participando en todos os organismos e consellos, facendo suxestións, propostas e informes nos que se recolla as opinións do colectivo dos pais e nais no sistema educativo, e establecendo convenios e concertos para o mellor cumprimento dos nosos obxectivos.
- d) Fomentar a creación de Consellos escolares municipais en todos os concellos do noso ámbito.
- e) Potenciar e coordinar os esforzos e inqedanzas e aspiracións de todas as ANPAS que pertencen à Federación.
- f) Potenciar a formación de ANPAS en todos os centros e niveis así como a integración das mesmas na Federación.
- g) Asociarse con outras Federación a nivel autonómico, estatal e europeo, sempre que teñan os mesmos fins e natureza; ou impulsar a creación dunha Federación de federacións a nivel provincial e autonómico que sendo da mesma natureza recolla os nosos fins e obxectivos, e que garante a nosa participación e/ou leve as nosas propostas a todos os organismos de ámbito superior ao do noso territorio de actuación.
- h) Promover toda clase de actividades culturais e formativas que sirvan para potenciar a formación integral dos nenos e nenas e dos seus pais e nais.
- i) Concibir a lingua e cultura de Galicia como o xeito de sermos e estarmos os galegos no mundo e eixo vertebrado dun ensino de calidade.
- j) Potenciar a participación de nais e pais nos consellos escolares e a colaboración franca coas equipas directivas dos centros, na procura do ensino público de alta calidade.

Artigo. 10- Domicilio:

O domicilio social de FOANPAS establécese de conformidade co convenio vigorante co Concello de Vigo, no Instituto Municipal de Educación, Camiño do Chouzo s/n C.P. 36208, na cidade de Vigo, provincia de Pontevedra.

Artigo. 11-Ámbito territorial:

O ámbito territorial de FOANPAS, é o do Concello de Vigo e os da súa entidade metropolitana.

CAPÍTULO III- DOS ASOCIADOS

Artigo. 12 - Quen pode ser membro:

Poden ser membros de FOANPAS todas as ANPAS de centros públicos do seu ámbito territorial legalmente constituídas, que formalmente o soliciten.

Artigo.13 - Da adquisición da condición de membro:

O procedemento de adquisición da condición de membro de FOANPAS implica: solicitude por escrito, dirixido ao presidente de FOANPAS, coa seguinte documentación:

- a) Certificación da Acta da Asemblea ou do acordo da Xunta Directiva da ANPA (de conformidade aos seus estatutos), no que se acordou o ingreso na Federación.
- b) Domicilio e características do centro educativo e da sede social da ANPA, e os seus teléfonos.
- c) Relación nominal dos membros da Xunta Directiva da ANPA, cos seus cargos e enderezos.
- d) Copia dos Estatutos legalizados.

Si no prazo dun mes desde a entrega da solicitude, por parte de FOANPAS non se pon reparos motivados a súa admisión, esta enténdese producida.

A inadmisión que terá que ser motivada, é recorrible ante a primeira Asemblea Xeral de FOANPAS.

Artigo. 14 - Da perda da condición de membro:

A perda da condición de membro de FOANPAS, prodúcese polas seguintes causas.

- a) Por vontade da ANPA asociada, a medio de acordo adoptado de conformidade aos seus estatutos e comunicado formalmente.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas como entidade asociada, e logo da reiteración da petición de subsanación da carencia.
- c) Por incumprimento doutras obrigas derivadas da súa asociación e dos presentes estatutos.

A expulsión dunha entidade asociada por causa do punto c) debe ser acordada por maioría de 2/3 dos membros da Directiva de FOANPAS, e ratificada por maioría absoluta no primeiro Plenario, ata a súa ratificación o acordo terá carácter provisorio. O acordo de expulsión de conformidade coa menor gravidade dos feitos pode estar limitado de un a tres cursos escolares.

A expulsada é responsábel das obrigas económicas contraídas legalmente pola Federación no seu tempo de pertenza, e na súa parte alícuota, e perde cantos dereitos lle corresponden sobre os bens e dereitos colectivos da Federación.

Poderá recorrer o acordo de expulsión ante a primeira Asemblea Xeral.

Artigo. 15- Dereitos dos/as asociados/as:

- a) Participar con voz e voto nas Asembleas Xerais e nos Plenarios.
- b) Ser electos para cargos directivos da Federación.

- c) Recibir información sobre temas educativos e culturais de interese para o noso colectivo.
- d) Participar nos beneficios que lle correspondan pola participación na Federación.
- e) Calquera dereito que se derive dos presentes Estatutos.

Artigo. 16- Deberes dos/as asociados/as:

- a) Cumprir os Estatutos e acordos da Asemblea Xeral e dos Plenarios.
- b) Contribuír coa contribución económica que proporcionalmente ao volume do centro se fixe.
- c) Comunicar anualmente no primeiro trimestre as variacións na Xunta Directiva da ANPA asociada e o nº de alumnos e alumnas do centro e de familias asociadas.

CAPÍTULO IV - ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo. 17- Os órganos de goberno

Os órganos de goberno da Federación son:

- a) A Asemblea Xeral.
- b) A Xunta Directiva, órgano colexiado en que a asemblea delega o goberno da asociación.

Artigo. 18 - A Asemblea Xeral

- a) A Asemblea xeral é o máximo órgano de FOANPAS, e estará formada por tódolos seus integrantes. O/A presidente/a e o/a secretario/a serán os mesmos que os da Xunta Directiva.
- b) A asemblea xeral reunirse con carácter ordinario dúas veces ó ano, ó principio e ó final de curso, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva.

Artigo. 19

A Asemblea Xeral ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación pola Presidencia da asociación, e deberá ser notificada por escrito ós/as asociados/as.

Na convocatoria han de aparecer o lugar, data e hora da asemblea, así como a orde do día con expresión concreta dos temas para tratar e os anexos que procedan. Tamén haberá de sinalarse a hora da segunda convocatoria, sen que entre a primeira e a segunda convocatoria poda mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo. 20

Para que as Asembleas podan tomar acordos, estarán integradas polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade máis un do total de asociados/as na primeira convocatoria ou con calquera número de asociados/as asistentes na segunda convocatoria.

Artigo. 21

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen ós negativos, non serán computables os votos en branco nin as abstencións.

Será precisa a maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a) Ratificar a expulsión das e dos asociados por proposta da Xunta Directiva.
- b) Aprobar a federación con outras federacións.
- c) Solicitar a declaración de utilidade pública.

Artigo. 22 - Competencias da Asemblea xeral ordinaria:

- a) Aprobar as actas da Asemblea anterior.
- b) Fixar as liñas de actuación da Federación.
- c) Aprobar o Orzamento e os estados de ingresos e gastos.
- d) Fixar as cotas.
- e) Resolver os recursos e reclamacións que se formulen ante à Asemblea Xeral contra acordos de Órganos da Federación.
- f) As sancións nos termos destes Estatutos.
- g) Aprobar calquera medida de contido económico como: préstamos, alugamentos.
- h) Calquera outra decisión que se derive dos presentes Estatutos.

Artigo. 23

A Asemblea Xeral Extraordinaria, é convocada pola Xunta Directiva por acordo da maioría absoluta dos seus membros, ou a petición de un tercio da ANPAS asociadas; e nela procede:

- a) Fixar cotas ordinarias extraordinarias.
- b) Aprobar ou modificar os Estatutos da Federación.
- c) Aprobar a incorporación de FOANPAS a unha Federación de ámbito superior, ou o seu abandono.
- d) Tomar a iniciativa FOANPAS de o establecemento dunha nova Federación a nivel provincial e autonómico.
- e) Disolver a Federación.
- f) Elixir, confirmar ou reprobar os membros da Xunta Directiva.
- g) Calquera asunto correspondente a Asemblea Xeral ordinaria que pola sua urxencia estime a Xunta Directiva.

Artigo. 24

Os acordos adoptados conforme cos preceptos anteriores obrigarán a todos e todas os/as asociados/as, mesmos ós non asistentes.

As sesións comezarán coa lectura por parte do secretario/a da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada. A continuación comunicará a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que corresponda, procedéndose á súa aprobación nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día abrírase, se así o considera oportuno o/a presidente/a ou o solicitan un 10% dos asociados inscritos no libro de membros, a

quenda de preguntas e suxestións. Concluídos este punto, o/a presidente dará por rematada a sesión.

Artigo. 25

Poderase recorrer contra os acordos que vaian contra destes estatutos ou infrinxan os fins da federación en reposición perante a Asemblea xeral. A partir da resolución deste recurso quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

Artigo.26 - A Xunta Directiva

A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva composta por: presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a, tesoureiro/a e vocais.

Tódalas persoas que compoñen a Xunta Directiva deberán ser asociados/as, maiores de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incursos nos motivos de incompatibilidade establecidos pola lexislación vixente.

Tódolos cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos sen perxuízos do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas.

Os cargos deberán ser designados e revocados pola Asemblea Xeral extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de 2 anos e poderán ser reelixidos.

Artigo. 27 - Dos membros da Xunta Directiva

Os membros da Xunta Directiva cesarán na súa función polas seguintes causas:

- a) Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por expiración do mandato.
- c) Por incumprimento das obrigas que tiña encomendadas.

No caso a) continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación de quen os substitúa.

Artigo. 28

A Xunta Directiva reunirse con carácter ordinario unha vez ó mes e con carácter extraordinario cantas veces o determine a Presidencia ou por petición de calquera dos seus membros.

As convocatorias realizaranse como mínimo con tres días de antelación mediante citación persoal na que se recollerá a orde do día.

Realizada a convocatoria, a xunta quedará constituída pola asistencia da metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto do/a presidente/a será de calidade.

Artigo. 29

Son facultades da Xunta Directiva:

- a) Executa os Acordos da Asemblea Xeral.

- b) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- c) Convocar as Asembleas xerais.
- d) Formular e someter a aprobación da Asemblea xeral o programa de actuación, así como a memoria de xestión correspondente.
- e) Formular e someter a aprobación da Asemblea xeral o orzamento do exercicio, así como os balances e as contas do exercicio pechado.
- f) Resolver sobre a admisión de novos/as asociados/as.
- g) Crear comisións de traballo co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos e actividades ou recadas delas informacións necesarias. Ó cargo destas comisións designarase un membro da Xunta Directiva.
- h) Designa cargos e representantes en organismos, e adopta os acordos que lle corresponder de acordo con estes Estatutos.
- i) Interpretar os estatutos e o Regulamento de réxime interno e velar polo seu cumprimento.
- k) Calquera outra facultade que non sexa de exclusiva competencia da Asemblea xeral.

Artigo. 30 - O presidente/a

O Presidente ou Presidenta da Federación terá as seguintes atribucións:

- a) É a representación legal e pública da Federación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Preside e da por rematadas as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea xeral, dirixir as deliberacións dunha e doutra, e dicir con voto de calidade en caso de empate.
- c) Adopta as medidas necesarias e/ou urxentes para o bo funcionamento da Federación, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados, pagos e outros documentos da asociación xunto co secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo. 31 - O Vicepresidente/a

É un órgano persoal de apoio ao Presidente, e substitúe a este en caso de vacante, ausencia ou enfermidade. De producirse a dimisión do Presidente pasa a ocupar a Presidencia, ata que o se acorde a elección de novo Presidente/a e Vicepresidente/a.

Artigo. 32 - O Tesoureiro/a

- a) Exerce a dirección dos traballos de xestión económica da asociación, custodia os fondos, leva os libros contables e os inventarios.
- b) Elabora os orzamentos, as contas anuais e os balances perante a Xunta Directiva, custodia os xustificantes dos pagamentos e dos ingresos.
- c) Xunto co Presidente/a ou persoa delegada polo mesmo, asina os talóns bancarios.

Artigo. 33 - O Secretario/a

- a) Recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, leva o rexistro de asociacións federadas e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade.
- b) Notificará as convocatorias, levantará acta das reunións, expedirá certificación destas co visto e praxe do presidente/a, despachará o correo ordinario, e arquiva a documentación.
- c) Convoca as reunións coa orde do días con o visto e praxe do Presidente/a.

Artigo. 34 - Os Vocais

Os vocais/as vocais no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:

- a) Realizar programas e proposta na súa área de actuación.
- b) Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

Artigo. 35 - Persoal de apoio e colaborador

A Xunta Directiva poderá propor que persoas que se encontren ligadas ao ensino público participando dos seus fins e obxectivos, e que de forma voluntaria estean dispostas a colaborar con FOANPAS, teñan o estatuto de colaborador, como persoas de apoio.

A estas persoas por parte da Xunta Directiva, pódenselle atribuír funcións de apoio concretas, ou especiais e sectoriais.

No caso de atribuír-lle unha función concreta poderá participar nas reunións da Xunta Directiva con voz e sen voto.

A Xunta Directiva pode cesar ao persoal colaborador en calquera momento.

CAPÍTULO IV- RECURSOS ECONÓMICOS**Artigo. 36**

A Federación como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderá distribuír os recursos obtidos entre os/as asociados/as, senón que, deberán destinarse exclusivamente dos seus fins.

Artigo. 37

O exercicio da Federación será de ano escolar. Así o seu orzamento será de curso lectivo e deberá ser aprobado pola Asemblea xeral ordinaria do exercicio económico que corresponda e a liquidación do orzamento terase que presentar necesariamente, na Asemblea xeral ordinaria inmediatamente posterior ó remate do exercicio.

Artigo. 38

Anualmente e con referencia ó derradeiro económico de cada ano, practícarase o inventario e o balance de situación, que se formalizará nunha memoria que será posta a

disposición dos/as asociados/as durante un prazo non inferior a 15 días do día sinalado para a Asemblea xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo. 39

Os seus recursos económicos están constituídos por:

- a) Cotas ordinarias e extraordinarias.
- b) Donativos e subvencións que poidan conceder organismo públicos, entidades privadas ou particulares.
- c) Ingresos para a xestión de labores, asumidas con motivo de asinar convenios ou acordos.
- d) Enaxenación de activos, ou contribucións dos socios.
- e) Calquera outro que sexa lexítimo en dereito pola normativa para actividades non lucrativas.

Artigo. 40

Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a federación os ten depositados, deberá a entidade bancaria ter recoñecidas as sinaturas que corresponden ó/á presidente/a, e o/a vicepresidente/a ou tesoureiro/a, para o seu emprego conxunto.

CAPÍTULO V- MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo .41

Os presentes estatutos poderán ser modificados por proposta da Xunta Directiva ou un cuartos dos/as asociados/as.

A convocatoria da Asemblea xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 10 días para que calquera asociado/a poida dirixirle á Secretaría as propostas ou emendas que considere oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días a súa realización.

Artigo .42

Para ser aprobada a reforma dos estatutos será necesario o voto favorable de 2/3 dos membros da asemblea xeral de asociados/as.

Artigo .43

A Disolución de FOANPAS requirirá:

- a) Vontade por dous tercios dos/as asociados/as, e sempre que o outro tercio non asuma a súa xestión e continuidade.
- b) Por disposicións legais de obrigado cumprimento.
- c) Por sentenza xudicial.

Artigo. 44

A aprobación da disolución, inviste a Xunta Directiva como órgano liquidador que deberá inventariar todo o pertencente a FOANPAS e tras facer liquidacións das posibles cargas existentes, deberá facer entrega do noso material e activos, entre as ANPAS do noso ámbito de acordo coas súas necesidades.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes estatutos, aplicarase a vixente Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e as disposicións complementarias.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
Delegación Provincial de Pontevedra

DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
 Consellería de Xustiza,
 XUNTA DE GALICIA Interior e Administración Local
 C/ Germán Adrio Sobrido, 6 baixo
 36003 PONTEVEDRA
 Telf. 986 80 53 80 Fax 986 80 58 91
 Data 17 DEC. 2004
 N° Rexistro: 8316
SAÍDA

VISTA a solicitude para a inscrición da FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS

DE ALUMNOS/AS DE VIGO E COMARCA, con domicilio social en INSTITUTO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN, CAMIÑO DO CHOUZO S/., VIGO (Pontevedra), no Rexistro Provincial de Asociacións desta Comunidade Autónoma.

RESULTA dos seus estatutos que os seus fins, entre outros, son:

Conquerir un ensino público de alta calidade e gratuito que desenvolva a personalidade humana no respecto aos principios democráticos e as liberdades fundamentais, etc.

VISTOS: A Constitución Española, a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación, a Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e a normativa sobre traspaso e asignación de competencias.

CONSIDERANDO: Que esta Asociación atópase incluída no ámbito de aplicación da citada Lei de Asociacións e que nos seus estatutos e demais documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos previstos cos números 2 e 5 do art. 22 da Constitución, sobre fins, medios ou asociacións ilegais.

CONSIDERANDO: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver en orde a procedencia da inscrición solicitada, en virtude do previsto no Decreto 336/1996, do 13 de setembro (DOG do 13.09.97), sobre asunción do traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e no Decreto 276/1997, do 25 de setembro (DOG do 08.10.97), polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións con ámbito de actuación autonómico.

ESTA DELEGACIÓN PROVINCIAL

RESOLVE: Visa-los Estatutos da FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE VIGO E COMARCA, e dispoñe-la súa inscrición provisionalós sos efectos de publicidade previstos no art. 22 da Constitución, correspondéndolle o número 2004/000131-2 (PO) neste Rexistro Provincial de Asociacións.

Esta inscrición provisional converterase en definitiva se no prazo de 3 meses, a contar dende a recepción desta resolución, non se lle notificase ó interesado a incompatibilidade por idéntica denominación xa inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións do Ministerio do Interior. Contra a presente resolución, que nos esgota a vía administrativa, poderá interporse recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo de un mes, de acordo co disposto nos arts. 114 a 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Pontevedra, 17 de decembro de 2004



[Handwritten signature]

Asdo.: Sonia Lorenzo Santos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Servizo de Interior

C/. Germán Adrio Sobrido, 6 baixo
36003 PONTEVEDRA
Telf. 986 80 53 80 - Fax 986 80 58 91

	DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA Consellería de Presidencia, XUNTA DE GALICIA Administraciones Públicas e Xustiza
Data	28 DEC 2005
Nº Rexistro:	6779
SAÍDA	

Examinado expediente sobre modificación dos Estatutos da Entidade denominada FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE VIGO COMARCA inscrita co nº 2004/000131-2 (PO) (anterior núm. 27 do Rexistro Provincial de Asociacións e tendo en conta os seguintes

FEITOS

Que a Asamblea Xeral Extraordinaria da Entidade, celebrada o día 19 de outubro de 2005, acordou a modificación dos seus Estatutos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primero: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscrición solicitada, de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación en relación co Real Decreto 1639/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

Segundo: Que na adopción do acordo de modificación cumpriuse o disposto nos Estatutos Sociais, que o mesmo non altera a natureza xurídica da Entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Terceiro: Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

RESOLVO

Inscribi-la modificación dos Estatutos da Entidade da que se trata e visa-los novos, ós sós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo de un mes contando a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; ou calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito

Pontevedra, 21 de decembro de 2005

O/A DELEGADO/A PROVINCIAL



Asdo.: María del Carmen Larriba García